

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 3 DE MARZO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Proxecto de Lei de convivencia e participación na comunidade educativa.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se establece o procedemento para o depósito das fianzas dos arrendamentos relativos a predios urbanos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, para levar a cabo a execución de obras de implantación do Centro de Proceso de Datos da Xunta de Galicia no edificio de servizos centrais na Cidade da Cultura, por un importe de tres millóns catrocentos mil euros (3.400.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para 2011, por importe de un millón trescentos setenta e sete mil novecentos vinte e catro euros con cinco céntimos (1.377.924,05 €).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- 
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Centro Nacional de Información Xeográfica e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do plan nacional de ortofotografía aérea por importe de dous centos oitenta e oito mil cincocentos dez euros (288.510,00 €).
  - Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Porriño para a execución da obra: "Colectores secundarios no Porriño para a conexión co sistema xeral do Louro. Concello do Porriño (Pontevedra)", clave OH.336.975, por importe de un millón novecentos dez mil noventa e cinco euros con vinte e seis céntimos (1.910.095,26€).
  - Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Punxín á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondentes á Orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria. (Código de procedemento IN619A), por importe de novecentos sesenta e seis mil cincuenta e nove euros con sesenta e dous céntimos (966.059,62 €).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas para a execución que lles corresponda das medidas de internamento e medio aberto previstas no artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Lourenzá (Lugo), para a xestión do centro de limpeza e desinfección dese concello, por un importe de dez mil euros (10.000,00 €).

---

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a primeira fase da folla de ruta para o desenvolvemento tecnolóxico e industrial das enerxías renovables mariñas en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Informe sobre el Plan Director de Ordenación dos Recursos Naturais da Rede Natura 2.000.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre execución das axudas da flota pesqueira, correspondentes ao ano 2010.

---

## O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO ANTEPROXECTO DE LEI PARA A CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- *O texto pasará agora ao Parlamento de Galicia para ser debatido polos grupos*
- *O texto introduce por primeira vez no plano legislativo a figura do acoso con carácter preventivo e correctivo*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao anteproxecto de Lei para a convivencia e participación da comunidade educativa, que pasará agora ao Parlamento de Galicia, onde será debatido polos grupos. Desta forma, e despois de ter en conta alegacións do Observatorio Autonómico de Convivencia Escolar, o Consello Escolar de Galicia e outros organismos, a Xunta espera que o texto se poida enriquecer no trámite parlamentario, antes da súa aprobación final e entrada en vigor.

### **Un texto innovador**

A Lei de convivencia e participación da comunidade educativa busca crear e reforzar os instrumentos xurídicos que permitan acadar e manter un clima de convivencia. Trátase dunha lei innovadora que ten como obxectivo xerar un marco de convivencia que garanta o respecto nas aulas. Para iso, posibilitarase unha resposta xurídica inmediata e reeducadora a comportamentos que perturban un correcto clima nos centros educativos, introducindo ademais por primeira vez no plano legislativo a figura do acoso con carácter preventivo e correctivo.

Ademais, o texto recolle as aspiracións do profesorado de ver recoñecida debidamente a súa función pola sociedade e os poderes públicos, polo que o profesorado será considerado autoridade pública, e disporá da protección xurídica e da presunción de veracidade necesaria para o mantemento do comportamento escolar. Ademais, estarán habilitados para requirir aos alumnos calquera substancia ou obxecto que porten e que non estea permitido polas normas do centro, ou sexa perigoso.

Doutra banda, a Lei busca instaurar a corresponsabilidade das familias a través da participación, polo que regulará tamén a consulta e a participación directa das familias no proceso educativo.

### **Dereitos, deberes e normas**

O texto aprobado hoxe recolle unha relación de dereitos e deberes de alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos dos centros educativos (P.A.S.); co fin de acadar un clima de respecto mutuo nas aulas, a través da comunicación entre pais nais e docentes, da participación directa das familias na comunidade educativa, e do respecto destas á autoridade do profesorado. Pola súa banda, tanto

---

profesores como P.A.S. deberán colaborar activamente na prevención e corrección do acoso escolar, mantendo o comportamento no centro educativo.

Ademais, a Lei establece as normas básicas de convivencia e de respecto nos centros educativos, tales como a condición de autoridade pública dos docentes, ou a súa habilitación para requisar obxectos, produtos ou substancias perigosas ou prohibidas polas normas do centro, dentro do recinto escolar e durante a realización de actividades complementarias e extraescolares.

### **Inmediatez e prevención**

Co obxectivo de garantir que os prazos de aplicación das medidas correctoras non afecten á convivencia en colexios e institutos, a Lei dotará de inmediatez o procedemento de imposición das sancións, sempre nun réxime garantista e perseguindo o carácter reeducador das medidas correctoras aplicadas. Para iso, a norma tipifica as condutas graves e leves contrarias á convivencia –incluíndo a súa gradación e atenuantes-, as medidas correctoras destas e o procedemento para a súa aplicación.

Cómpre lembrar que esta Lei aborda, por primeira vez no plano lexislativo español, o tratamento de situacións de acoso escolar. Doutra banda, o texto estende o ámbito de aplicación disciplinaria ás condutas desenvolvidas a través das novas tecnoloxías; e á gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Outra das novidades do texto é a incorporación aos plans de convivencia dos centros docentes de protocolos para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

---

## A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O DEPÓSITO DE FIANZAS DOS DE ARRENDAMENTOS DE PREDIOS URBANOS

- *Están obrigados a depositar fianza todos os arrendadores e subarrendadores de predios urbanos, tanto vivendas como locais doutro uso*
- *Tamén deberán depositar as fianzas as empresas e entidades subministradoras de servizos*
- *O depósito da fianza realizarase no prazo máximo dun mes, a non ser que se dispoña dun concerto co IGVS*
- *No caso de vivendas, o importe da fianza equivalerá a un ou dous meses de aluguer, segundo a duración do contrato*
- *Para industrias e negocios a fianza será de dous meses*
- *O decreto incorpora a posibilidade de realizar determinados trámites por vía telemática co obxecto de ofrecer un soporte informático*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o texto do decreto polo que se establece o procedemento para o depósito das fianzas dos arrendamentos relativos a predios urbanos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, adaptado á Lei de Vivenda Galicia (Lei 18/2008) e á Lei de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (Lei 11/2007).

A intención do decreto é facilitar o cumprimento da obriga de depósito das fianzas, mediante a regulación do procedemento que debe seguirse para a súa constitución, modificación e cancelación, así como para o exercicio da actividade inspectora en materia de fianzas, no marco do establecido na lexislación vixente. Así mesmo, o decreto incorpora a posibilidade da realización de determinados trámites por vía telemática co obxecto de ofrecer un soporte informático que facilite aos administrados o cumprimento da súa obriga de depósito das fianzas.

Segundo establece o decreto aprobado polo Consello da Xunta, están obrigados a realizar o depósito da fianza:

- As persoas arrendadoras e subarrendadoras de predios urbanos, tanto vivendas como para outros usos diferentes ao de vivenda. O depósito da fianza é obrigatorio, tanto se as teñen ou non percibido dos arrendatarios ou arrendatarias, nos supostos en que sexan exixibles pola lexislación de arrendamentos urbanos e pola lexislación autonómica na materia.

- 
- As empresas, entidades ou administracións públicas que presten subministracións ou servizos deberá depositar as fianzas que perciban dos seus clientes.

O depósito da fianza realizarase no Instituto Galego da Vivenda e Solo e non xerará xuros en favor do depositante. O IGVS poderá empregar ata o 70 por cento do importe das fianzas depositadas na promoción pública de vivendas e no cumprimento das políticas de fomento do dereito á vivenda previstas na Lei de vivenda de Galicia, sempre que quede garantida a devolución de fianzas que sexan reclamadas en tempo e forma.

As contías que hai que depositar serán as seguintes:

- Arrendamentos de vivendas de duración igual ou superior a un ano: unha mensualidade.
- Arrendamento para uso distinto de vivenda: dúas mensualidades
- Arrendamentos de industria ou negocio, cando impliquen tamén arrendamentos de local ou vivenda: dúas mensualidades do aluguer estipulado.
- Arrendamentos de vivendas de tempada de duración superior a un mes e inferior a un ano: a parte proporcional de dúas mensualidades.
- Fianzas de subministracións ou servizos: o importe será o exixido ás persoas abonadas pola empresa subministradora

O importe do depósito deberá actualizarse no caso de que se modifique o importe da fianza.

As fianzas deberán depositarse no Instituto Galego da Vivenda e Solo no prazo máximo dun mes desde a sinatura do contrato. Poderá solicitarse o impreso de autoliquidación nas oficinas do IGVS ou na súa páxina web. Unha vez realizado o depósito, o IGVS entregará o correspondente xustificante por duplicado, un para o arrendador e outro para o arrendatario. As fianzas depositadas devolveranse cando se extinga o contrato.

As empresas, entidades ou administracións públicas que presten subministracións ou servizos, sempre que ao formalización os contratos que afecten as vivendas e demais predios urbanos lles exixan fianzas aos seus abonados, rexeranse obrigatoriamente

---

por un réxime de concerto, ao que tamén se poderán adherir, voluntariamente, os arrendadores, asociacións de persoas propietarias de bens inmobles urbanos legalmente constituídas e profesionais dedicados á administración de predios urbanos que cumpran os requisitos establecidos e os propietarios de centros comerciais e grandes superficies comerciais.

O réxime de concerto funcionará a través de liquidacións anuais, comprometéndose os titulares do concerto a depositar o 90 por cento do importe das fianzas, e o 10 por cento restante quedará no seu poder para proceder á devolución das fianzas ou liquidacións que se produzan cando se extingan os contratos. É obrigatorio dispoñer de fondos suficientes para garantir a devolución de todas as fianzas acollidas das que se solicite a devolución. De non ser así incorrerase en causa de cesamento no réxime de concerto, debendo procederse ao depósito das fianzas en réxime xeral.

O decreto tamén regula a actividade inspectora do IGVS en relación coa falta de depósito de fianzas. O decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## A SECRETARÍA XERAL DE MODERNIZACIÓN E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA ASINARÁN UN CONVENIO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE INSTALACIÓN DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS NO GAIÁS

- *Este centro integrará as funcións de máis de 80 CPD, dos cales arredor do 90% non teñen capacidade para abordar os proxectos tecnolóxicos que permitirán mellorar a eficiencia da Administración autonómica*
- *Unha vez integrados todos os servizos acadarase un aforro anual de máis de 3 millóns de euros*
- *O CPDI dará servizo a preto de 2,8 millóns de cidadáns; máis de 1.260 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia así como a 91.000 empregados públicos*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao convenio de colaboración que asinarán a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Fundación Cidade da Cultura a para executar as obras que permitirán a instalación do Centro de Proceso de Datos Integral no Edificio de Servizos Centrais da Cidade da Cultura.

O Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) integrará as funcións dos máis de 80 CPD existentes agora na Comunidade, dos cales o 90% carece de capacidade de crecemento para afrontar a demanda de proxectos TIC precisos para mellorar a eficiencia da Administración galega.

O novo Centro de Proceso de Datos Integral constituirá o corazón dixital de Galicia contribuindo a mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha mellor eficiencia enerxética, unha maior flexibilidade, interoperabilidade e seguridade así como unha simplificación da xestión e unha homoxeneización da estratexia tecnolóxica da Xunta. Ademais, a consolidación dun CPDI único fará posible unha Administración que funcione 24 horas ao día os 365 días do ano.

### **Servizo a cidadáns e entidades públicas**

O Centro de Proceso de Datos Integral dará servizo a preto de 2,8 millóns de cidadáns; máis de 1.260 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia así como a 91.000 empregados públicos, entidades e organismos autónomos dependentes da Xunta e incluso a outras entidades públicas como deputacións, concellos ou universidades.

### **Axenda Dixital de Galicia**

A posta en marcha do CPDI intégrase en dúas das liñas recollidas en 2014.gal Axenda Dixital de Galicia que son a prestación de novos e mellores servizos públicos

---

dixitais e a consecución dunha Administración eficiente. A Xunta de Galicia carecía dunha estratexia global en materia de xestión das tecnoloxías da información e a comunicación que impediu unha aplicación efectiva das TIC para a modernización das administracións públicas.

---

## A XUNTA DESTINA EN 2011 MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS A TRAVÉS DUN CONVENIO CON INTERIOR

- ***Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude deste acordo, o Goberno autonómico destina en 2011 un total de 1.377.924 euros para que 203 axentes da Policía Nacional e da Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

A Xunta e o Ministerio do Interior asinaron en outubro de 2006 un convenio de colaboración en materia de seguridade que permitía dotar os edificios xudiciais de vixilancia e protección a través de gardas civís en situación de reserva e de membros do Corpo Nacional de Policía (CNP) en segunda actividade. O dito convenio prorrogouse sucesivamente ata o ano pasado, cando ambas as partes decidiron redactar un texto novo, acorde coa realidade xudicial galega.

No convenio, fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 203 efectivos: 81 membros do CNP en segunda actividade e 122 gardas civís en situación de reserva. Dos 81 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 72 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a antiga Cámara de Comercio, 9 para o edificio dos xulgados da Parda de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 122 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 52 estarán na Unidade de protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña - 19 na Coruña, 9 en Santiago, 4 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-; 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-; 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de

Trives, 2 en Ribadavia, 2 en Xinzo e 2 en Verín- e 32 efectivos na Comandancia de Pontevedra – 5 na Audiencia Provincial, 3 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 3 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 3 para Tui-.

Doutra banda, o convenio tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección será de 24 horas ao día en servizo permanente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e de 07.30 a 22.00 horas nas sedes das audiencias provinciais e dos xulgados con garda de permanencia. Neste último caso os sábados o horario será de 09.00 a 14.30 horas e de 17.00 a 20.30 horas, mentres que os domingos e festivos só hai vixilancia polas mañás en horario de 9,30 a 14,30 horas. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada, de luns a venres, de 7.30 a 15.00 horas.

## **EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2011 AS FUNCÍONS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICIAIS GALEGAS (203 funcionarios)**

### **1. Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade (81 funcionarios)**

#### **Equipo de mando (9 funcionarios)**

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

#### **Escala básica (72 funcionarios)**

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios
- Ourense (Pazo de Xustiza e anexo -antiga Cámara de Comercio-): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 9 funcionarios
- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

---

## **2-. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (122 efectivos)**

### **Cadro de mando (10 efectivos)**

- 1 coronel (*nivel autonómico*)
- 4 capitáns (*nivel provincial*)
- 5 suboficiais (*nivel provincial*)

### **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (52 efectivos)**

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 19 efectivos
- Santiago de Compostela: 9 efectivos
- Betanzos: 4 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

### **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos)**

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- Fonsagrada (A): 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos

### **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos)**

- Bande: 2 efectivos
- Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos
- Carballiño (O): 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- Pobra de Trives (A): 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos.

---

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (32 efectivos)**

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 5 efectivos
- Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 3 efectivos
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- Porriño (O): 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos
- Estrada (A): 3 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Ponteareas: 2 efectivos
- Tui: 3 efectivos

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 200.000 EUROS PARA COMPLETAR E MELLORAR A CARTOGRAFÍA DO TERRITORIO GALEGO A TRAVÉS DA ORTOFOTOGRAFÍA AÉREA

- *O obxectivo prioritario será a elaboración dunha cartografía que inclúa a cobertura ortofotográfica do territorio galego que sirva para a súa integración nun sistema de información xeográfica nacional*
- *A Xunta asinou un convenio co Centro Nacional de Información Xeográfica, que busca o recoñecemento da realidade galega*
- *A vixencia do convenio esténdese ao longo deste ano 2011*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Centro Nacional de Información Geográfica (CNIG), para o desenvolvemento do Plan Nacional de Ortofotografía aérea, que prevé a obtención dunha cobertura de voo Lidar (que realiza un escáner láser do territorio) da metade oeste do territorio galego.

O departamento que dirixe Agustín Hernández considera imprescindible contar cunha infraestrutura cartográfica e de datos espaciais detallada, que inclúa a cobertura ortofotográfica do territorio galego, apta para a súa integración no sistema de información xeográfica nacional.

Estas ferramentas permitirán o estudo e planificación do desenvolvemento territorial e a elaboración de estudos de carácter físico ambiental que proporcionen información aplicada á ordenación do territorio. Ademais, a información obtida será aplicable a outras materias como a delimitación de zonas inundables, o control e xestión hidrolóxica, o estudo do cambio climático, ou a análise da incidencia dos incendios e fenómenos de erosión ou desertificación. Así, estes traballos constituirán una das bases fundamentais para o recoñecemento da realidade e identidade galega.

O convenio prevé a elaboración dunha cobertura de voo con sistema aerotransportado Lidar e a realización de modelos dixitais de elevacións, a partir dos datos recolleitos neste voo, que comprenda unha superficie de 12.225 quilómetros cadrados correspondente á zona oeste do territorio da comunidade galega. Con este voo complétase a cobertura do territorio galego, que se comezou en 2009 con outro convenio co CNIG.

### **Características do convenio**

As liñas de traballo definidas no convenio teñen por obxecto a obtención de datos sobre a orografía do territorio galego da forma máis precisa posible nestes momentos, aplicando os máis avanzados sensores aerotransportados.

---

O orzamento deste convenio ascende a 288.510 euros, dos cales o 66% (máis de 190.400 euros) corresponden á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o 34% restante será achegado polo CNIG.

Ademais, constituirase unha comisión de seguimento que se encargará de establecer o Plan de Traballo definindo o territorio concreto que se vai realizar –dentro do ámbito definido da metade oeste da comunidade- e harmonizando os plans de traballo das dúas partes asinantes do convenio.



---

## A XUNTA INVISTE 2 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DE CINCO KILÓMETROS DE COLECTORES PARA A CONECTAR A REDE DE SANEAMENTO DE PORRIÑO COA EDAR DE GUILLAREI

- *A actuación proxecta a execución de novos colectores que completen a rede de saneamento, principalmente na parroquia de Budiño, servindo unha poboación de 1.669 habitantes*
- *As obras repártense en 5 zonas: estrada de Salvaterra, Polígono da Granxa, Orbenlle, Aliviadoiro de Pego e Torneiros*
- *A Xunta de Galicia leva comprometidos máis de 22,8 millóns de euros para o saneamento da conca do río Louro*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica-financiera entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Porriño para a execución de colectores secundarios para a conexión co sistema xeral do río Louro.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, inviste preto de 2 millóns de euros para a execución desta infraestrutura hidráulica. Cómpre sinalar que na actualidade, a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei dá servizo entre outros ao Concello do Porriño, tendo un rendemento baixo xa que traballa por debaixo do seu caudal de deseño ao non estar executadas todas as conexións previstas.

Neste senso, o proxecto aprobado define e valora as actuacións necesarias para conectar os actuais saneamentos do Porriño aos colectores xerais que levan as residuais á devandita EDAR. A actuación proxecta a execución de novos colectores que completen a rede de saneamento, principalmente na parroquia de Budiño, servindo unha poboación de 1.669 habitantes.

Medio Ambiente sinala que coa execución destas obras estase a dar cumprimento á Directiva Marco da Auga, controlando as verteduras urbanas, agrarias e industriais.

As obras previstas repártense en 5 zonas: estrada de Salvaterra, Polígono da Granxa, Orbenlle, Aliviadoiro de Pego e Torneiros. Destas, as de Orbenlle e Polígono da Granxa precisarán da instalación de bombeos.

Na estrada de Salvaterra (PO-510) executaranse 3.500 metros de colectores en tubo de PVC de diámetros entre 315 e 530 mm que se conectarán á rede do Polígono da Granxa.

No Polígono da Granxa, a rede de saneamento conta con dous pozos de bombeo que levan as residuais a unha depuradora situada ao este. Proxéctase suprimir o bombeo

---

da zona norte e renovar o da zona sur da rede actual do polígono, conectando ambas zonas a sendos pozos do colector industrial da Granxa. Tras demoler o bombeo norte, executaranse 64 metros de colector. O bombeo sur será demolido e executado de novo, cunha arqueta previa de desbaste.

En Orbenlle, instalaranse 1.494 metros de colector, sendo preciso un bombeo prefabricado. Este treito verterá ao colector industrial das Gándaras a través dunha futura rede a executar polo Concello do Porriño.

A conexión ao aliviadoiro de Pego pretende evitar que os vertidos de residuais cheguen ao interceptor de Cans sen pasar por ningunha estrutura de alivio. A conexión ao sistema de Louro farase na arqueta de entrada ao aliviadoiro, inicio do interceptor de Cans.

En Torneiros executaranse 136 metros de tubo de PVC para conectar as dúas redes existentes ao colector de Torneiros, do sistema do Louro.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende resolver carencias en infraestruturas, neste caso hidráulicas, nos concellos galegos. Deste xeito, os habitantes incrementan a súa calidade de vida e foméntase o desenvolvemento económico e social dos municipios.

A Consellería de Medio Ambiente establece un prazo de execución de oito meses para a finalización das obras hidráulicas.

### **Inversións**

A Xunta de Galicia leva comprometidos máis de 22,8 millóns de euros para o saneamento da conca do río Louro, dos que máis de 3.3 corresponden ao gastos de explotación da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Guillarei; máis de 15,5 millóns de euros as conexións de distintos municipios coa Edar; e algo máis de 4 millóns na construción desta infraestrutura hidráulica, a través dun acordo de colaboración co Estado polo que se aporta o 15 % da obra.

---

## O CONCELLO OURENSÁN DE PUNXÍN CEDE AS SÚAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE SOLO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *O municipio ourensán delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística do solo rústico e urbanizable así como dos núcleos rurais*
- *Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o Concello*
- *Con esta adhesión serían 56 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, e 49 os documentos asinados, o que supón unha superficie de máis de 3.500 km<sup>2</sup> e un beneficio para máis de 220.000 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello ourensán de Punxín. En virtude deste acordo, o Municipio de Punxín delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

### **Ingresos compartidos**

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao Concello

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), considerando que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras

completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o concello debe prestar cooperación e a asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

#### **Concellos adheridos á APLU**

Con esta nova adhesión serían 56 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, o derradeiro foi co Concello de Maceda, e 49 os documentos asinados que son os que actualmente están en vigor, polo que quedarían por formalizar polo pleno de cada Concello: Abegondo, Sada, Gondomar, Pontevedra, O Barco de Valdeorras e Meaño.

Con isto, a APLU xestiona actualmente máis de 3.500 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos 49 concellos: 14 na Coruña, 8 en Lugo, 19 en Ourense e 8 en Pontevedra, o que supón máis de 220.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (Quilómetros <sup>2</sup> )
<b>A CORUÑA</b>		
<b>A BAÑA</b>	<b>4528</b>	<b>98</b>
<b>A CAPELA</b>	<b>1439</b>	<b>58</b>
<b>ARES</b>	<b>5628</b>	<b>18,3</b>
<b>ARZÚA</b>	<b>6484</b>	<b>155,4</b>
<b>BOIMORTO</b>	<b>2348</b>	<b>82,4</b>
<b>CARIÑO</b>	<b>4617</b>	<b>46,8</b>
<b>CEDEIRA</b>	<b>7511</b>	<b>85,4</b>
<b>DODRO</b>	<b>3024</b>	<b>36,1</b>
<b>LOUSAME</b>	<b>3702</b>	<b>93,6</b>

MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7
<b>LUGO</b>		
BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
<b>OURENSE</b>		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7

---

<b>SAN AMARO</b>	<b>1335</b>	<b>28,9</b>
<b>TABOADELA</b>	<b>1690</b>	<b>25,2</b>
<b>VERÍN</b>	<b>14237</b>	<b>94,1</b>
<b>VILAMARÍN</b>	<b>2254</b>	<b>56,1</b>
<b>VILARDEVÓS</b>	<b>2382</b>	<b>152,1</b>
<b>PONTEVEDRA</b>		
<b>A GUARDA</b>	<b>10404</b>	<b>20,5</b>
<b>CUNTIS</b>	<b>5172</b>	<b>79,8</b>
<b>MEAÑO</b>	<b>5475</b>	<b>27,8</b>
<b>MORAÑA</b>	<b>4349</b>	<b>41,3</b>
<b>NIGRÁN</b>	<b>17869</b>	<b>34,8</b>
<b>OIA</b>	<b>3192</b>	<b>83,3</b>
<b>PONTECESURES</b>	<b>3116</b>	<b>6,7</b>
<b>VILABOA</b>	<b>5935</b>	<b>36,9</b>
<b>TOTAL</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>202.340</b>	<b>3.490,2</b>

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA ADIANTARÁ ATA O 80% DAS AXUDAS DESTINADAS AO SOTERRAMENTO DAS INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NOS CONCELLOS

- ***A inxección orzamentaria chegará aos 3,4 millóns con novas achegas destinadas á mellora da calidade da subministración eléctrica, o fomento da eliminación do impacto paisaxístico nas vilas galegas e o incremento da seguridade pública, posto que se priman os soterramentos nos solos urbanos e a proximidade a centros de interese social como colexios ou centros de saúde***
- ***Esta orde de axudas, que se repetirá ao longo da lexislatura, vai na mesma dirección e complementa as directrices de ordenación do territorio, onde tamén se recolle que os tendidos e redes de instalacións enerxéticas serán soterrados, o que permitirá combater o feísmo e a chamada contaminación eléctrica das nosas vilas***

A Consellería de Economía e Industria segue a traballar na mellora da calidade de vida dos galegos a través da mellora das infraestruturas de subministración eléctrica co obxectivo de beneficiar todos os concellos, sobre todo os máis pequenos, e os seus habitantes.

Deste xeito, o Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o proxecto de acordo polo que destinará ata 3,4 millóns de euros totais, a apoiar o soterramento de infraestruturas eléctricas xa existentes nos concellos de Galicia.

Este proxecto de acordo inclúe de novo o pagamento de anticipos de ata o 80% das subvencións concedidas sen exixencia de garantías, e incrementa a intensidade da subvención ata o 80%, moi por riba do 30% que se viña subvencionado ata o de agora.

A inclusión da fórmula do prefinanciamento nesta orde de convocatoria de axudas ten como finalidade facer máis eficaz a aplicación das subvencións destinadas ao soterramento das infraestruturas eléctricas nos concellos, tendo en conta que as necesidades das entidades locais precisan dunha especial atención na actual conxuntura económica.

Os obxectivos das axudas, das cales poden ser beneficiarios todos os concellos galegos, son a mellora da calidade da subministración eléctrica, o fomento da eliminación do impacto paisaxístico nas vilas galegas e o incremento da seguridade pública, posto que se priman os soterramentos nos solos urbanos.

As subvencións outorgaranse ademais en réxime de concorrência competitiva, o que demostra a transparencia da actuación, e establece como criterios de valoración o

---

tipo de actuación, a tensión da liña, a proximidade a centros de interese social como colexios ou centros de saúde, o tipo de solo ou o número de habitantes dos concellos, primando aqueles que teñen unha menor poboación e polo tanto unha menor capacidade para levar adiante estas obras.

Este acordo, que xestiona a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, esta incluído dentro da estratexia do Goberno galego de cara á mellora das infraestruturas eléctricas de Galicia, o que implica fundamentalmente un incremento da calidade na subministración da enerxía a nivel autonómico, conxugada coa necesaria preservación do contorno.

Ademais, esta orde de axudas, que se repetirá ao longo da lexislatura, vai na mesma dirección e complementa as directrices de ordenación do territorio, onde tamén se prevé que os tendidos e redes de instalacións enerxéticas sexan soterrados, o que permitirá combater o feísmo e a chamada contaminación eléctrica das nosas vilas.



---

## A XUNTA COLABORARÁ CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA EXECUTAR AS MEDIDAS XUDICIAIS IMPOSTAS A MENORES

- ***A través dun convenio de colaboración, Galicia comprométese a facilitar ás outras comunidades prazas nos centros e servizos específicos para menores de que dispón, sempre e cando estean dispoñibles***
- ***O convenio, que está aberto a outras comunidades autónomas, conta polo momento coa adhesión de Cataluña, Andalucía, A Rioxa, Comunidade Valenciana, Aragón, Castela A Mancha, Illas Baleares e Castela e León***
- ***Esta colaboración no internamento de menores darase en determinados supostos, que veñen establecidos no convenio de colaboración***

O Goberno galego colaborará con outras oito comunidades autónomas na execución das medidas xudiciais impostas a menores, tanto de internamento como de medio aberto. Así, os executivos autonómicos asinantes comprométese a facilitar aos outros prazas nos centros e servizos específicos de menores de que dispón, sempre e cando estes recursos estean dispoñibles.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración que rexe esta cooperación entre os distintos territorios, que ten como fin promover un marco de colaboración que atenda sempre o “superior interese do menor”.

En concreto, esta colaboración delimítase a certos supostos, que están establecidos polo propio acordo de colaboración. Os casos son os seguintes: cando quede acreditado que o domicilio do menor ou o dos seus representantes legais se atope noutras comunidade autónoma distinta da do xulgado de menores sentenciador; cando sexa preciso o afastamento do menor do seu contorno familiar e social por resultarlle prexudicial; ou cando a entidade solicitante non dispoña nos seus centros ou servizos das prazas axeitadas ao réxime ou tipo de internamento ou medio aberto imposto, mentres se manteña dita situación.

Actualmente, Galicia dispón de 106 prazas para o cumprimento de medidas xudiciais de internamento, e hai un total de 100 menores cumprindo estas medidas.

Polo que respecta ás medidas de medio aberto hai que dicir que no ano 2010 executáronse, na nosa comunidade, 1.100 medidas, que afectaron 852 menores.

---

## O CONSELLO AUTORIZA UN CONVENIO CO CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE GANDO

- *O orzamento global desta acción é de 10.000 euros para os anos 2011 e 2012*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co concello lucense de Lourenzá para a xestión do centros de limpeza e desinfección, por un importe de 10.000 euros que se repartirán en dúas anualidades.

O obxecto do convenio é regular a xestión do centro de limpeza e desinfección de Lourenzá. O departamento que dirixe Samuel Juárez cede as instalacións do centro de limpeza deste concello. O centro dispón de elementos necesarios para cumprir co proceso de limpeza e desinfección dos vehículos e medios de transporte do gando.

A lei de sanidade animal establece a obriga de limpeza e desinfección de todos os vehículos utilizados no transporte dos animais unha vez realizada a descarga, esta limpeza deberá facerse no centro de desinfección máis próximo, o cal expedirá un certificado do traballo realizado. Deste xeito garántese o correcto estado e tratamento do noso gando, certificando ao consumidor a calidade do produto que está a mercar.

### **Competencias**

O Concello de Lourenzá encargarse de contratar o persoal necesario para a prestación deste servizo; ocuparase do mantemento das instalacións e informará anualmente a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural dos vehículos lavados e desinfectados nestes centros, entre outras actividades.

### **Orzamento**

Este convenio asínase cunha duración de dous anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2011 e ata o 30 de decembro de 2012, por un importe global de 10.000 euros, a razón de 5.000 euros por ano.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA DESEÑA A FOLLA DE RUTA DO DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INDUSTRIAL DAS ENERXÍAS RENOVABLES MARIÑAS PARA SITUAR GALICIA Á VANGARDA DE EUROPA

- *Un informe elaborado pola Consellería de Economía e Industria propón a creación dunha plataforma enerxética mariña galega composta por un centro de ensaio e un parque tecnolóxico que permita aproveitar o potencial que posúe esta fonte enerxética*
- *A plataforma permitiría promover e apoiar a investigación neste ámbito, así como ofrecer facilidades ás empresas que traballen nel como unha forma de coordinar de xeito eficiente as distintas iniciativas da Administración autonómica e do resto de actores*
- *No referente á enerxía mariña, Galicia aspira a crear un tecido empresarial dedicado ao deseño e desenvolvemento tecnolóxico dos seus dispositivos e unha industria de fabricación de mecanismos de sistemas auxiliares con vocación exportadora*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe da Consellería de Economía e Industria no que se diseña a primeira fase da folla de ruta para o desenvolvemento tecnolóxico e industrial das enerxías renovables mariñas en Galicia elaborado pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas co obxectivo de situar a nosa Comunidade Autónoma á cabeza de Europa neste eido.

Este informe analiza a viabilidade deste tipo de enerxías centrada na enerxía das ondas e das correntes mariñas, que representan unha fonte enerxética limpa e inesgotable actualmente non aproveitada. Co fin de potencialas, esta folla de ruta propón a creación dunha plataforma enerxética mariña galega que permita promover e apoiar a investigación neste ámbito, así como ofrecer facilidades ás empresas que traballen nel como unha forma de coordinar de xeito eficiente as distintas iniciativas da Administración autonómica e do resto de actores.

A plataforma estaría composta por un centro de ensaio de prototipos de dispositivos mariños e proxectos de demostración de enerxías renovables mariñas, así como por un parque tecnolóxico de empresas dedicadas ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial destas enerxías e que actuaría como polo de atracción.

O centro estaría composto por un edificio de control e seguimento, unha área de ensaios, unha área de servizo e a infraestrutura necesaria para a evacuación da enerxía, mentres que o parque tecnolóxico estaría aberto a empresas de base

---

tecnolóxica e perfil innovador co obxectivo de favorecer a transferencia de coñecemento e a creación de sinerxías no tecido empresarial.

A elaboración desta folla de ruta confirma novamente a grande aposta da Xunta de Galicia polas enerxías renovables, cuxo uso contribuirá ao obxectivo de acadar unha diminución dun 20% tanto no emprego de combustibles fósiles como nas emisións de gases de efecto invernadoiro e elevar a contribución das enerxías renovables ao 20% do consumo total de enerxía, cumprindo co triplo obxectivo 20-20-20 fixado pola Unión Europea para 2020.

En concreto, no referente á enerxía mariña, aspírase a crear en Galicia un tecido empresarial dedicado ao deseño e desenvolvemento tecnolóxico dos seus dispositivos e unha industria de fabricación de mecanismos de sistemas auxiliares con vocación exportadora.

---

## O CONSELLO ESTUDOU UN INFORME SOBRE O PLAN DIRECTOR DE REDE NATURA 2000 QUE REGULARÁ A XESTION DESTES ESPAZOS PROTEXIDOS

- *Mediante este informe, o Goberno galego coñece o documento con que se vai iniciar o procedemento de participación pública, necesario para a futura aprobación, con rango de decreto, deste plan director*
- *Neste plan defínese un programa de medidas encamiñado a harmonizar a súa conservación cos usos e aproveitamentos necesarios para garantir o desenvolvemento das poboacións que o habitan*

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia constitúe o instrumento básico para a planificación, ordenación e xestión en rede dos lugares de importancia comunitaria (LIC) e das zonas de zoespecial protección para as aves (ZEPA), dando cumprimento ás esixencias establecidas nas directivas europeas (DC92/43/CEE, DC 2009/147/CE, DC 2000/60/CE), así como na normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001). Este plan cumpre a función pública do goberno do territorio para a organización racional e equilibrada da súa utilización e, en xeral, dos recursos naturais.

Mediante este informe, o Consello da Xunta coñece o documento con que se vai iniciar o procedemento de participación pública, necesario para a futura aprobación, con rango de decreto, do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

O obxectivo principal do plan é manter ou, se é o caso, restablecer un estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese para a conservación, tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. Trátase tamén de desenvolver directrices e medidas de conservación coherentes cos seus obxectivos, así como facer compatible a protección e conservación do desenvolvemento socioeconómico dos municipios incluídos no seu ámbito de aplicación.

O plan director advirte que as áreas integradas en Natura 2000 non son entidades uniformes, sendo posible atopar desde lugares en que é preciso aplicar tutelas intensas (debido á súa enorme fragilidade) ata outro tipo de áreas tamén protexidas que engloban territorios e espazos tradicionalmente habitados, onde a acción humana foi clave na configuración das paisaxes culturais que albergan ademais unha singular biodiversidade.

### Ámbito

O ámbito territorial do Plan Director corresponde aos 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) e ás 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

O conxunto de espazos da Rede Natura 2000 abrangue unha superficie total de 389.565,9 hectáreas, das que 34.990,3 corresponden a medios mariños e 354.575,6 a medios terrestres, o que supón o 12% da superficie continental galega. Dentro deste ámbito, ademais, conflúen outro tipo de figuras de espazos naturais protexidos, tales como parques nacionais, naturais, monumentos naturais e humidaes protexidos.

### Especies

Neste territorio existe un notable conxunto de especies catalogadas legalmente como protexidas ou ameazadas polas normativas comunitarias. En total, contabilízanse un número superior ás 500 especies de interese para a conservación, das que máis da metade pertencen ao grupo das aves. A continuación viría o grupo da flora, con 123 especies.

Do resto de grupos destaca o dos mamíferos, con 31 especies continentais ("terrestres") e 26 de hábitos mariños.

### Hábitats

A Directiva Comunitaria 92/94/CEE (comunmente chamada *Directiva Hábitat*) engloba 231 tipos de hábitats [*un hábitat pode definirse como "un ambiente que ocupa unha determinada poboación biolóxica"*] catalogados como de "interese comunitario".

Corresponden a sistemas ameazados de desaparición que presentan unha área de distribución reducida ou constitúen exemplos representativos de características típicas dunha determinada rexión biogeográfica. Dentro deles, os hábitats "prioritarios" serían aqueles ameazados de desaparición e cuxa conservación supón unha especial responsabilidade. En Galicia están presentes 72 tipos de hábitats de interese comunitario (o 31,1% do total), dos cales 18 son considerados como prioritarios (25% do total).

### Zonificación

Neste plan director defínese unha zonificación do territorio partindo da necesidade de compatibilizar as necesidades de conservación cos aproveitamentos tradicionais, cuxo mantemento é fundamental para garantir o desenvolvemento das comunidades que o habitan. Búscase tamén compatibilizar as medidas establecidas con outros instrumentos de planificación e xestión vixentes referidos ao territorio.

---

En particular, establécense 3 unidades de zonificación: *Zona 1*, denominada “Área de protección”, cun valor de conservación moi alto; *Zona 2*, chamada “Área de conservación”, cun valor de conservación alto e medio, por último, *Zona 3* ou “Área de uso xeral”, cun valor de conservación medio e baixo e territorio de asentamentos e núcleos rurais.

En relación coas medidas de xestión, este plan director articula as directrices e obxectivos en tres niveis: o primeiro corresponde á normativa xeral de ordenación e xestión, que marca os obxectivos xerais de conservación. Nun segundo nivel desenvólvese a normativa xeral para cada un dos compoñentes que conforman os espazos protexidos. Por último, o terceiro nivel vén marcado pola normativa zonal, de modo que para cada unha das unidades de zonificación se propón un réxime de ordenación e xestión específico.

En materia de avaliación, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza adoptará as medidas apropiadas para evitar nos lugares que conforman a Rede Natura 2000 a deterioración dos hábitats naturais e das especies que motivaran a súa declaración. Este mesmo organismo realizará, tamén, unha vixilancia periódica sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación. O plan director poderá desenvolverse para determinados espazos a través dunha serie de instrumentos específicos, en conformidade coa normativa comunitaria, estatal e autonómica.

---

## A CONSELLERÍA DO MAR DESTINOU PRETO DE 56 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS CONCEDIDAS Á FROTA PESQUEIRA NO 2010

- *Estas achegas beneficiaron a máis de 760 persoas e buscan facer o sector pesqueiro galego máis competitivo*
- *Só un 16% de persoas solicitou as axudas socioeconómicas destinadas aos afectados pola paralización da frota, o que indica que esta medida se aplicou de xeito eficaz e con alternativas para a reinserción laboral dos tripulantes*
- *O número de buques beneficiarios polas axudas á paralización definitiva convencional supuxo o cuádruplo con respecto a anos anteriores*
- *As axudas a investimentos a bordo de buques pesqueiros tiveron 261 beneficiarios, principalmente de artes menores*

A Consellería do Mar destinou 55.942.345 de euros ás axudas concedidas á frota pesqueira no 2010, que beneficiaron a máis de 760 persoas. Así o especifica o informe presentado esta mañá pola Consellería do Mar ao Consello da Xunta no que se dá conta das distintas axudas concedidas á frota o ano pasado co obxectivo de fomentar os investimentos que recolle o Fondo Europeo de Pesca (FEP), establecendo unha serie de prioridades coa finalidade de facer o sector pesqueiro galego máis competitivo.

Estas achegas son as destinadas á paralización definitiva, as de carácter socioeconómico, as destinadas á realización de proxectos piloto, a investimentos a bordo de buques pesqueiros e aquelas dedicadas a sufragar o peche de pesquerías como a do bocarte no 2010. A través delas ponse á disposición do sector un crédito orzamentario para mellorar as estruturas pesqueiras dentro da política Pesqueira Común, e é o propio sector o que ten que demandar cada unha das axudas postas á súa disposición.

Destas achegas cabe destacar a escasa demanda das axudas socioeconómicas de prima non renovable, que teñen como obxectivo non deixar desamparados os tripulantes que perdesen o seu emprego pola paralización da frota. Só foron solicitadas por un 16%, é dicir, dos 403 afectados pola paralización definitiva convencional e polos programas de adaptación da frota só 68 tripulantes presentaron solicitude de axuda. Isto indica que o plan de paralización da frota se realizou de xeito eficaz e con alternativas para a reinserción laboral dos tripulantes afectados por esta medida, que na maioría dos casos atoparon outras oportunidades como a de traballar noutros buques.

Do informe extráese que as axudas de paralización definitiva convencional foron as que recibiron maior demanda, que teñen como obxectivo un equilibrio sustentable



---

entre os recursos pesqueiros e a súa explotación mediante a redución do esforzo pesqueiro. En total, foron 22 os buques retirados beneficiarios deste tipo de axudas, o cuádruplo con respecto a anos anteriores. Estas achegas supuxeron un investimento de máis de 15 millóns de euros. Neste apartado de axudas tamén cabe destacar as destinadas aos programas de adaptación da frota (PAF), adoptados a petición do sector. Destas axudas beneficiáronse 35 buques e a eles destináronse máis de 35 millóns de euros.

Tamén destacan as axudas a investimentos a bordo de buques pesqueiros, con 261 beneficiados, principalmente de artes menores, frota á que pertencen a meirande parte das embarcacións que as solicitan. As axudas concedidas ascenderon a máis de 3 millóns de euros e a través delas preténdese fomentar a modernización a bordo de buques e así mellorar, entre outros aspectos, a seguridade da frota, as súas condicións de traballo, a calidade e hixiene dos produtos pesqueiros e o rendemento enerxético.

Outro tipo das axudas que se concederon no 2010 á frota son as destinadas a sufragar o peche da pesquería do bocarte por parte do Ministerio de Medio Ambiente Rural e Marino. O informe expón que delas se beneficiaron 377 persoas e que a consellería investiu máis de 400.000 euros.

No afán de impulsar a adquisición de coñecementos e difusión de tecnoloxías innovadoras no eido do sector pesqueiro, cabe destacar as axudas á realización de proxectos piloto. Desde a publicación destas bases, no ano 2008, ningún dos expedientes presentados foi obxecto de resolución, o que levou á Consellería do Mar a publicar a convocatoria do ano 2010 e así proceder a resolver os expedientes presentados ao abeiro da orde reguladora en 2008, 2009 e 2010.